

ENTROIDO

2009

Do 20 ao 25 de febreiro

VIGO



PROGRAMA

Venres, día 20 de febreiro

— LUGAR: PRAZA DA CONSTITUCIÓN —

TREBOADAS E PASARRÚAS

Rúas do Príncipe e Casco Vello.

Hora: de 19:30 a 22:00

PREGÓN

Hora: 21:00

Pregoeiro: Antón Bouza

ENTRONIZACIÓN DO REI E RAÍÑA DO ENTROIDO

Hora: 21:30

CEA-BAILE XXX ANIVERSARIO DA COMPARSA DECANA OS TARTEIRAS

Hora: 22:00

Prezos populares.

Tlf. información bonos: 986 439 799

Sábado, día 21 de febreiro

PASARRÚAS: charangas, murgas, xigantes e cabezudos.

Lugar: Praza de Compostela

Hora: 17:00- 19:00

CONCENTRACIÓN E PASARRÚAS DA COMITIVA REXIA

Lugar: Praza do Rei

Hora: 17:30

Percorrido: Pracer, A. Menéndez, Elduayen, P. Constitución, Triunfo, Praza Pedra, As Avenidas, Montero Ríos, P. Morillo, Praza de Compostela.

RECEPCIÓN DA COMITIVA REXIA AO DEUS MOMO

Lugar: Morada olímpica da Praza de Compostela.

Hora: 18:00

PASARRÚAS DA GRANDIOSA COMPARSA DA COMITIVA REXIA E DEUS MOMO

Hora: 18:30

Percorrido: Praza de Compostela, Areal, Serafín Avendaño.

DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS

Concentración:

Lugar: Areal. (dende a rúa Oporto a Isaac Peral).

Hora: 18:00.

Desfile:

Hora: 19:00 horas

Percorrido: Serafín Avendaño, Rosalía de Castro, Colón, C. Arenal, Montero Ríos, Cánovas del Castillo, Peirao de Transatlánticos. (final)

VERBENA

Lugar: Porta do Sol

Hora: 22:30

Orquestras: Marbella e Abanico

Domingo, día 22 de febreiro

ENTROIDO INFANTIL

Lugar: Praza de Compostela

Hora: de 16:00 a 21:00

-Actividades lúdicas, obradoiros, inchables.

-Obradoiros de construción de disfraces.

FESTA FARELEIRA

Lugar: Praza da Constitución

Hora: 18:00

CONCURSO DE COPLAS

Lugar: Praza de Compostela

Hora: de 18:30 a 21:00

Luns, día 23 de febreiro

CONCENTRACIÓN E PASARRÚAS DA GRANDIOSA COMPARSA E COMITIVA REXIA

Lugar: Praza do Rei

Hora: 17:00

Percorrido: Praza do Rei, Granada, Pracer, A. Menéndez, Praza da Constitución, Triunfo, Praza da Pedra, As Avenidas, Montero Ríos, P. Morillo, Praza de Compostela.

Iº XOGOS POPULARES DO ENTROIDO

Sortella, aro, ovos, mazá, fariña, sacos, tiro de corda...

Lugar: Praza de Compostela

Hora: 18:00

RETIRADA DA GRANDIOSA COMPARSA

Hora: 20:30

Martes, día 24 de febreiro

CONCENTRACIÓN E PASARRÚAS DA COMITIVA REXIA

Lugar: Praza do rei

Hora: 17:00

Percorrido: Granada, Pracer, A. Menéndez, Elduayen, Pza. Constitución, Triunfo, Pza. Pedra, As Avenidas, Montero Ríos, P. Compostela.

ACTO REXIO DE HOMENAXE E BICAMÁNS AO DEUS MOMO. ESVAECEMENTO E AGONÍA DO DEUS MOMO

Lugar: Praza de Compostela

Hora: 17:30

CONCURSO DE DISFRACES

Lugar: Praza de Compostela

Hora: 18:30 a 20:00

FESTAS GASTRONÓMICAS

Lugar e hora:

P. Compostela: 19:00 h: concurso de repostería.

P. da Constitución: 19:00 h: gran orellada.

Prezos populares.

VERBENA

Lugar: Porta do Sol

Hora: de 22:30 a 02:00 horas

Orquestras: *Sintonía de Vigo* e *Galilea*

CONCENTRACIÓN E PASARRÚAS DA GRANDIOSA COMPARSA E COMITIVA REXIA

Lugar: Praza de Compostela

Hora: 23:30

Percorrido: Victoria, Gamboa, Praza da Constitución, Porta do Sol.

ANUNCIO DO FALECEMENTO DO REI MOMO E LECTURA DO TESTAMENTO A PROL DO SEU FILLO MOMIÑO. XUÍZO, SENTENZA E QUEIMA DO REI E RAÍÑA DO ENTROIDO

Lugar: Porta do Sol

Hora: 24:00

Mércores, día 25 de febreiro

PASARRÚAS DA GRANDIOSA COMPARSA ENLOITADA ANUNCIADORA DO FALECEMENTO E SEPELIO DO REI MOMO

Lugar: Príncipe, Casco Vello.

Hora: 12:00

CATAFALCO DO SEPELIO DO DEUS MOMO

Lugar: Estación Marítima de Ría.

Hora: 18:00

EXEQUIAS FUNERARIAS SOLEMNES DAS COMPARSAS

Lugar de concentración: Peirao de Transatlánticos.

Hora de concentración: 19:00

Hora de inicio do desfile: 19:30

Percorrido de acompañamento e duelo da comitiva: Peirao de Transatlánticos, As Avenidas, C. Arenal, Pza. de Compostela, G. Olloqui, C. Castillo, Peirao de Transatlánticos (final).

SEPELIO DO DEUS MOMO

Lugar: Estación Marítima de Ría.

Hora: 20:30

Oficios laicos:

Resposos, sermóns, cantos solemnes, sepelio coa elevación ao olimpo das cinzas, notas e disposicións, **lectura** da acta do xurado dos premios do concurso e remate co berro final ...“QMROP”, que interpretamos *que mal raio o parta*.



CADRO DE PREMIOS DOS CONCURSOS

COPLAS
 1º premio: 600 €
 2º premio: 400 €
 3º premio: 200 €
 5 accésit (non acumulábeis): 150 €

1º premio: 1.800 €
 2º premio: 1.400 €
 3º premio: 1.000 €

20 accésit ás comparsas que participen no desfile do sábado (non acumulábeis)

500 € (comparsas entre 20 e 50 compoñentes)
 600 € (comparsas entre 51 e 80 compoñentes)
 700 € (comparsas con máis de 80 compoñentes)

COMPARSAS
 800 € á comparsa máis festeira que participe nos desfiles dos días 21 e 25 (non acumulábel).

400 € á comparsa mellor caracterizada no cortexo de acompañamento no sepelio do Deus Momo (acumulábel ós premios e accésit anteriores).

Premios especiais
 200 € ás comparsas que participen nos 2 desfiles, cun mínimo de 20 participantes, e que estean mellor caracterizadas (máximo de 23 accésits, acumulábeis ós premios e accésit anteriores).

CARROZAS
 1º premio: 400 €
 2º premio: 300 €
 3º premio: 200 €

DISFRACES
 Categoría individual infantil (até 13 anos): 75 €
 Categoría individual xeral (máis de 13 anos): 75 €
 Categoría grupo infantil: 100 €
 Categoría grupo xeral: 100 €

PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS:

Neste concurso poderán inscribirse todas aquelas comparsas integradas por un mínimo de 20 persoas. As carrozas participantes no desfile non poderán exceder das seguintes dimensións, sen contar a cabeza tractora: longo: 8'00 m. / largo: 3'50 m. / alto: 4'50 m.

PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE COPLAS:

As persoas maiores de 12 anos, agrupadas nun mínimo de 6 e máximo de 25 compoñentes. Os compoñentes dunha agrupación non poderán participar noutro grupo distinto. O Número máximo de oito grupos participantes seleccionaranse por rigorosa orde de inscrición.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

As solicitudes de inscrición poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en impreso normalizado para este fin, dende o día 30 de xaneiro, coincidindo ca data de publicación da convocatoria na prensa local, ata as 13,30 horas do día 13 de febreiro do ano 2009.

SORTEO DA ORDE DE ACTUACIÓN DO DESFILE DE COMPARSAS E CARROZAS:

Día 18 de febreiro, ás 12:00 horas na Casa do Concello.

* * *

NOVAS DA PROGRAMACIÓN DO ENTROIDO 2009

O Entroido 2009 regresa este ano ás súas orixes para recuperar as vellas tradicións e o xeito de celebralo que tiñan os nosos devanceiros alá polo século XIX. Esta nova programación xurdiu e cimentouse nas descrições feitas por historiadores e escritores, nos documentos que se conservan da época e na transmisión popular que chegou ata os nosos días.

O programa incorpora novos elementos, celebracións e espazos da cidade. Recupérase unha representación singular do entroido a cargo dunha Grandiosa Comparsa, integrada pola Comitiva Rexia e a Comitiva

do Rei Momo, que percorrerá as rúas do Casco Vello e o contorno da Alameda, lugar que por aqueles tempos se convertía no centro de todas as cerimoniais. Esta comparsa cobrará un gran protagonismo nos diversos actos e desfiles programados.

Non será o único elemento novidoso. Rescátanse tamén do esquecemento os xogos populares desas datas como a sortella, un xogo de habilidade, e a figura do Merdeiro, un personaxe propio do Entroido vigués.

Dicián por aquel entón que en poucas cidades se rendía culto tan afervorado ao deus da risa e a loucura como en Vigo. As crónicas da época así o confirman e rexistran esa euforia popular con que se vivían eses días de troula.

Neste anos nos que o século XXI inicia a súa andaina cumprirá botar unha ollada ao noso pasado e recuperar o Entroido propio da cidade, fuxindo de remedos e influencias alleas que deturparon ao longo dos anos os costumes propios.

Bibliografía

- Lisardo Barreiro, *Esbozo e siluetas de unha viaxe por Galicia*, A Coruña, Edit. Andrés Martínez Salazar, 1890.
- Xosé M^a Álvarez Blázquez, *A cidade e os días, calendario histórico de Vigo*, Edicións Monterrei, 1^a Edición 1960, Edicións Xerais de Galicia, 2008.
- Xerardo F. Santomé, *O Merdeiro: un personaxe do entroido vigués. Apuntamentos para a súa recuperación*. Edit. A.V.C. Casco Vello, A. A. Revolta.

MERDEIROS

Programa de saídas:

Días: 20, 22, 24

Lugar: rúas e prazas do Casco Vello.



“Chegado o entroido, os mariñeiros da bisbarra de Vigo transformábanse en Merdeiros coa intención de expresar con máis forza as súas xenreiras cos labregos. Para iso acostumaban vestirse ao xeito de Escabicheiro (persoa do rural que recollía o escabiche e baleiraba os pozos-negros da cidade para abonar os seus campos) ridiculizando aqueles elementos do traxe e aparellos máis significativos: o pucho, os símbolos e o farol; e esaxerando o seu comportamento social tremendamente anárquico.”